



Dona KATHERINIE VARELA FERNANDEZ, na súa calidade de Portavoz do Grupo Municipal Popular no Concello de Monforte de Lemos, ao abeiro da lexislación vixente, presenta para o seu debate e aprobación, se procede, na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación municipal, a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO PARA INSTAR AO EQUIPO DE GOBERNO A MELLORAR AS BEIRARRÚAS DA CIDADE

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Estamos ante o equipo de goberno que máis asfaltou na historia de Monforte. É un mérito que non lle queremos quitar a este alcalde. A pesar de que as veces o asfalto resulta ser unha chapuza, tendo que ser reparado ao pouco tempo, o certo é que mentres este alcalde foi presidente da Deputación asfaltou todas as rúas e camiños desta cidade.

É unha mágoa que só lle interese o mantemento dos vehículos pero non a seguridade dos viandantes, pois mentres se gastan centos de miles de euros en asfaltar os firmes das rúas, moitas beirarrúas amosan un estado lamentable provocando incluso caídas dos viandantes.

Podemos enumerar tramos na Rúa Ourense, na Rúa Compañía, na Rúa Eduardo Pondal, Rúa Morín, Rúa Celso Emilio Ferreiro, na Rúa



Paseo de Lugo, no Paseo do Malecón. En xeral, practicamente existen deficiencias en todas as beirarrúas, algunhas de maior calado e outras menores, pero que amosan unha falta de mantemento continuo.

Tendo en conta que no pasado mes de marzo aprobamos un suplemento de crédito, a costa dos remanentes de máis dun millón setecentos mil euros, onde se incluían partidas para Investimentos de reposición en infraestruturas e bens destinados ao uso xeral, propoñemos a seguinte proposta de acordo:

- Instar a equipo de goberno a levar a cabo obras de reparación e mantemento das beirarrúas do concello, comezando por aquelas que presenten maiores danos.